



DA EMIGRACIÓN GALEGA NA SUÍZA

[TEXTOS E DOCUMENTOS]

Xurxo Martiz Crespo

Edita: Confederación Intersindical Galega. Departamento de Migración, 2013

© Foto da capa: “Emigrantes galegos na Suíza”. Arquivo Xurxo Martiz Crespo

© Das imaxes: Arquivo Xurxo Martiz Crespo / CIG-Migración

© Reservados todos os dereitos

ISBN: 978-84-608-4523-2

[Proibida a reprodución sen facer mención expresa da fonte]

ÍNDICE

Limiar / Páx 5

Xurxo Martiz Crespo: Entrevista a Marianne Helfer

“A emigración e o retorno dos galegos da Suíza” / Páx. 9

Acordo de inmigración Suíza-Estado español / Páx. 21

Breviario para a man de obra do Estado español na Suíza, 1961 / Páx. 33

LIMIAR

O Departamento de Migración da Confederación Intersindical Galega editou en 2010 un libro trilingüe *Galiza en Suíza, aspectos dunha emigración. Galicien und die Schweiz. Aspekte einer Auswanderung. La Galice en Suisse. Aspects d'une émigration*, coa colaboración do profesor galego residente en Zurích, Luís Manuel Calvo Salgado, da especialista suíza na emigración galega e o seu retorno, Marianne Helfer Herrera-Erazo e da profesora austríaca da Universidade de Santiago de Compostela, e doutoranda sobre o retorno galego da Suíza, Elisabeth Graf. A min correspondeume a autoría de parte da obra, a escolla e coordinación do libro e a achega do material gráfico e estatístico. O material presente nesta pequena achega non puido ser engadido ao citado libro pola súa extensión, caso do *Breviario para a man de obra do Estado español na Suíza*, ou por ser posterior, a entrevista a Marianne Helfer, á edición. Só o acordo entre a ditadura española de Franco e a Confederación Helvética para a chegada de traballadores fora publicado na referida obra pero, nestas páxinas, reaparece agora plenamente contextualizado.

En 2013 sucédense as novas verbo Suíza e os seus emigrantes galegos. Desde 2010 até hoxe empeoraron as condicións laborais e sociais da poboación galega e unha vaga de centos de homes e mulleres, moitos deles en situación ás veces moi precaria, deciden lanzarse á aventura suíza pensando, erroneamente, que o feito migratorio galego é similar ao iniciado en 1959 e as condicións de Suíza como país receptor, necesitado de man de obra pouco cualificada, son simi-

lares en 2013 ás das décadas dos 60 e 70. Nada máis afastado da realidade.

O mundo xa non é largo e alleo

Sen coñecementos de francés ou alemán chegaron milleiros de galegos á Suíza da década dos 60 e 70. Sen coñecementos de francés ou alemán voltaron retornados, de vagariño, nas décadas dos 80, 90 e 2000. Os seus fillos, educados na escola suíza, pertencen a unha xeración que aínda non é plenamente helvética nin galega, malia residir no país alpino e ter fortes lazos no noso país. Aquí presentamos un documento explicativo do que era Suíza, escrito orixinalmente en español, dirixido aos traballadores galegos e españois que ían traballar á fábrica de turbinas e bobinas eléctricas Brown Boveri en Baden. Un microcosmos de numerosas nacionalidades: suízos, alemáns, italianos, iugoslavos, rusos, españois e por suposto galegos nun tempo en que a man de obra era un ben escaso en plena febre exportadora e de desenvolvemento da industria suíza.

O Breviario para a man de obra do Estado español na Suíza é un texto explicativo que dá a coñecer aos traballadores españois o que significaba vivir nunha democracia como a suíza, e no que se insistía nos valores democráticos da solidariedade, da responsabilidade ou da honradez. Non é un texto escrito ao chou, senón froito da experiencia suíza con outros traballadores orixinarios do Estado español que previamente arrivaran ao país e mesmo a esa fábrica. O texto facilitóunolo un traballador mugardeés chegado á factoría Brown Boveri en

1960 e que permaneceu nela até 1971, ano en que voltou definitivamente a Galiza. É dicir, o testemuño provén dun dos primeiros emigrados alí contratado e tamén dos primeiros retornados galegos da Suíza. Nin Luís Calvo nin Marianne Helfertíñan coñecemento deste *Breviario* que hoxe publicamos. Descoñecemos a existencia de calquera outro documento coma este dirixido a traballadores italianos na Suíza, aínda que probablemente existise. O galego que nos achegou este documento mantivo unha estreita amizade na fábrica cun traballador italiano orixinario de Xénova. Unha vez, contounos, os supervisores suízos deixáranlle ao italiano uns planos para que fixese unhas pezas de precisión. O italiano, ante a incapacidade de ler o plano, colleu as súas roupas de diario e marchou ao cuarto que lle daba a empresa para facer a súa maleta e voltar a Italia. Os supervisores suízos decatáronse da ausencia do traballador e mandaran o galego para convencelo de que voltase, malia non ter a capacidade requirida para o traballo. Os empresarios suízos estaban afeitos aos «coñecementos e habelencias» de que fachendeaban os traballadores españois e italianos, coñecementos que nunca pasaban unha proba, o que determinaba que fosen desviados a tarefas con baixas necesidades técnicas, pero non despedidos.

Aquí temos que facer unha paréntese e distinguir os galegos dos obreiros españois, principalmente madrileños (en rigor, emigrados previamente a Madrid a maioría) que chegaban a Suíza. Os nosos traballadores eran vistos polos empresarios suízos, polo xeral, como xente honrada, humilde e sinxela. Chegados dun país que semellaba remoto, moitos atopáronse por vez primeira cun madrileño ou un andaluz naquelas naves

industriais suízas. Nelas, os galegos, afeitos a mil empresas en mil lugares distintos no transcurso da historia, souberon adaptarse a Suíza desde a súa chegada até a incesante viaxe de homes e mulleres que comeza en 1959 e aínda non rematou.

Moitos destes galegos e galegas que chegaron a Suíza viñan vacinados contra a memoria. Nin da máis recente historia se servían, caso da guerra civil, e moito menos dos séculos de aldraxe e marxinação que o noso país sufriu do centralismo español desde o século XV até os nosos días. Moitos decatáronse, sorprendentemente, da nosa singularidade en Suíza. Na súa variedade de linguas, no seu gorentoso sistema político, na súa igualdade, na condición de cidadáns de todos os seus residentes. Decatáronse da súa singularidade ante o espello dos outros compañeiros de viaxe migratoria: madrileños e andaluces, vascos e tamén cataláns. Non poucos enterraron, por exemplo, aqueles vellos prexuízos inoculados contra os vascos desde o Madrid centralista despois de coñecelos e tratalos en Suíza.

En 2013 os xornais galegos non deixan de referirse á emigración a Suíza como unha suposta vía de escape e pretenden facer dun feito illado, que existe, un acontecemento comparable das proporcións da emigración galega dos 60 e 70 á Confederación Helvética. A realidade é outra. Suíza está chea de africanos, latinoamericanos e traballadores europeos do Leste que compiten como man de obra barata contra os galegos. O mundo deixou de ser largo e alleo, cómpre transformalo.

XMC, Galiza, febreiro 2013

XURXO MARTIZ CRESPO

ENTREVISTA A MARIANNE HELFER:

“A EMIGRACIÓN E O RETORNO DOS GALEGOS DA SUÍZA”

Marianne Helfer (Suíza, 1977) é na actualidade unha das principais especialistas verbo o retorno dos emigrantes galegos a Galiza. En 2006 remata a carreira de Antropoloxía Social en Berna cun traballo verbo o retorno das e dos emigrantes galegos de Suíza a Galiza (bisbarra de Bergantiños, A Coruña). Colaborou coa Confederación Inter-sindical Galega na elaboración do primeiro libro monográfico dedicado á emigración galega a Suíza con motivo do 50 aniversario do inicio desa emigración (1960-2010). Convidada pola CIG en agosto de 2010, presentou o traballo en Carballo.



Dauerbewilligung

für verschobene Arbeitszeit



Kontr.-Nr. 227457

Name : Crespo

Vorname : Maria

Grund : Hausfrau

Carné de empresa dunha traballadora ferreíra da factoría Brown Boveri, Suíza, 1965

[A emigración galega a Europa (Alemaña e principalmente Suíza) en 1963 representaba o 14,94% do total da emigración desde o Estado español. A partir dos 70 foi medrando e chegou a representar o 25,55 (1971), 26,12, 29,18, 36,64 (1974), 38,80 (1975), 43,62 (1976), 48,87 (1977), 53,40 (1978), 59,92 (1979) e 57,17 en 1980, anos en que na teoría non se emigraba no Estado español, aínda que si na Galiza]

Xurxo Martiz Crespo (XM)

É un caso illado o dos galegos en Suíza ou propio de todos os estranxeiros querer retornar ao seu país de orixe despois duns anos?

Marianne Helfer (MH)

O desexo de regresar ao seu país de orixe é un desexo común entre emigrantes de todas as rexións do mundo, é un fenómeno que acompaña a toda emigración. Non obstante, creo que dentro da emigración europea da segunda metade do século XX os galegos destacan. Entre os emigrantes en Suíza son probabelmente o grupo que en maior número retorna ao seu país, e sorprendentemente “regresan” moitas veces tamén os fillos dos emigrantes, algo que por exemplo acontece con moito menos frecuencia entre os italianos.

(XM) Nos 60 e 70 as leis suízas concedían doadamente os permisos temporais de residencia ou traballo, non obstante era moi difícil conseguir un permiso permanente ou o reagrupamento familiar. Estas dificultades tiñan algunha finalidade ou era simplemente unha casualidade?

(MH) Estas prácticas eran parte dunha política de migración que non perseguía a residencia permanente como finalidade. Os obxectivos eran máis ben o retorno dos emigrantes e a constante renovación da man de obra. De alí xurdiu tamén o termo alemán Gastarbeiter –ou sexa traballador convidado– que describe precisamente esta época e esta política migratoria.

(XM) Cales foron as causas da chegada masiva de inmigrantes a Suíza? Tivo (e ten) esta chegada un peso e unha importancia na vida dos suízos e no futuro da Confederación?

(MH) Dende o final da segunda guerra mundial, Suíza viviu un auxe económico sen precedentes. Definitivamente a inmigración masiva foi e segue sendo un factor determinante para o funcionamento e a prosperidade do país aínda e cando hoxe en día a emigración chega doutros países e a cualificación da man de obra sufrira cambios.

(XM) Estaban preparados os poderes públicos, a administración e a escola suíza nos 60 e 70 para a chegada de estranxeiros?

(MH) Suíza preparárase para unha inmigración temporal de man de obra nova e sen familia. Obviamente non estaba preparada para o que resultou ser a inmigración duradeira de traballadores coas súas respectivas familias e que fixeron de Suíza a súa residencia durante xeracións. Isto trouxo como resultado entre outras cousas o xurdimiento de movementos claramente xenófobos.

(XM) Cales cres que foron as principais causas determinantes da emigración galega a Suíza?

(MH) As causas hai que buscalas en diferentes campos. Entre eles os intereses respectivos de Suíza e do Estado español; a emigración galega a Suíza foi impulsada e fomentada tanto polo Goberno español coma pola economía e o Goberno de Suíza. Unha vez establecido o fluxo migratorio dende Galiza cara a Suíza, este seguiu as regras de todos os movementos migratorios en cadea; é dicir a xente disposta a emigración diríxese cara a un lugar onde xa existen contactos persoais ou familiares. Sen lugar a dúbidas, non hai que esquecer neste contexto a longa “tradición emigratoria” galega.

(XM) A calidade de vida dun inmigrante galego, a súa vida cotiá, era moi distinta da dun compañeiro de traballo suízo ou italiano?

(MH) Isto dependía de moitos factores, como por exemplo o tipo de emprego (traballaba na industria, na construción ou na agricultura o emigrante), o lugar onde vivía (nunha vila, nunha cidade, no lugar de traballo, no terreo ou en barracóns da empresa), de se estaba só/soa ou coa súa familia e do seu círculo social (frecuentaba, por exemplo, un centro galego). A vida cotiá dun emigrante era probabelmente máis diferente da dun suízo cando se trataba de emigrantes solteiros que vivían no lugar de traballo. Outra diferenza era que algúns emigrantes galegos tiñan varios empregos, por exemplo traballaban no día na fábrica e á noite ían limpar oficinas. Iso seguramente non acontecía entre traballadores suízos.

(MH) A emigración galega, historicamente, está marcada pola separación e a desintegración familiar de pais e fillos. Pódese sacar algunha conclusión ou ver os resultados desta separación entre pais e fillos, 40 ou 50 anos despois?

(MH) No meu estudo puiden observar que para as familias que sufriron a separación de pais e fillos, a desintegración familiar é un trauma que deixou moitas secuelas. É definitivamente un tema no cal queda moito por investigar. Tamén habería que considerar o feito que moitos dos emigrantes á súa vez crecían tamén sen os seus pais, que foron emigrantes en Latinoamérica ou en Europa.

(XM) Existiu unha preocupación por parte dos galegos en integrarse na sociedade suíza, ou desta por integralos?

(MH) A idea da integración non formaba parte deste movemento de migración que era determinado polo antes mencionado termo Gastarbeiter. O obxectivo desta política foi a rotación dos emigrantes laborais, pero non a súa integración, nin sequera a súa residencia per-

manente no país. Entrementres, a maioría dos emigrantes galegos consideraba a emigración como un proxecto de aforro e de retorno e non se preocupou tampouco pola integración social, xa que vía a emigración como unha fase cun prazo determinado.

(XM) Era a mesma a imaxe dos galegos en 1965 ou cambiou coa chegada de novos grupos de inmigrantes, doutros países, en Suíza?

(MH) Sempre son os grupos de máis recente inmigración os que son a estigmatización tanto en Suíza coma noutros países. iso aconteceu na súa época cos italianos e os españois en Suíza, máis tarde cos támbiles e hoxe en día cos emigrantes provenientes dos Balcáns e de África. Nese sentido a imaxe dos galegos cambiou definitivamente nos derradeiros 40 anos da do pobre e pouco culto Gastarbeiter á dun cidadán dun país membro da Comunidade Europea que goza do seu dereito á mobilidade laboral.

(XM) Era a “disposición ao traballo” o xeito de integrarse dos galegos en Suíza?

(MH) Definitivamente. O traballo foi o propósito e a razón de ser da emigración. E a disposición ao traballo e a súa forza laboral foron a carta de presentación dos galegos en Suíza.

(XM) En 2010 podemos dicir que a 2ª xeración de galegos, criados ou nados en Suíza, está totalmente integrada?

(MH) A pesar de que aos chamados secondos italianos, galegos e españois se lles considera completamente integrados, a sociedade suíza segue tendo as súas reservas cara á segunda xeración de emigrantes. Proba diso é o feito que o pobo suízo votou repetidamente en

contra dunha nacionalización facilitada para as persoas de segunda e terceira xeración. Obviamente, os suízos non están dispostos a facilitar o acceso á cidadanía, xeralmente considerada como o último paso da integración.

(XM) O retorno a Galiza ten un único compoñente económico ou está influído por razóns sociais, culturais....

(MH) Sen dúbida, cunha pensión de vellez suíza vívese mellor en Galiza ca en Suíza. Se a iso sumamos o feito de ter unha vivenda propia en Galiza, o elemento económico cobra moita importancia. Pero aínda así existen outros compoñentes: Tanto o retorno en si como a forma en que se leva a cabo son parte dun discurso social sobre a migración en Galiza. Así que para moitos emigrantes o retorno representa unha norma social que ten un efecto estruturador sobre a súa historia de vida. Para moitos emigrantes o afastamento da idea do retorno significaría unha ruptura na súa biografía.

(XM) Que importancia ten a casa, a súa construción, arranxo, compra, en Galiza para o retorno de galegos dende Suíza?

(MH) É un dos factores determinantes tanto dende o punto de vista económico como emocional e simbólico. Os gastos que implicaba a construción dunha casa propia en Galiza foron moitas veces causa do aprazamento do retorno e requirían grandes sacrificios por parte dos emigrantes.

Con todo iso, ou precisamente por iso, a casa adquiría un valor emocional e simbólico de vital importancia: representaba tanto o fogar onde se reuniría de novo a familia desartellada durante a emigración, a proba da presenza desta familia en Galiza e o benestar económico alcanzado dos emigrantes, etc.

(XM) O constante aprazamento do retorno fixo que unha “breve” estadía se convertese en décadas. Cales foron as principais causas deste constante aprazamento?

(MH) Unha causa foi a mencionada construción da casa. Outra causa foi a educación escolar e a formación profesional dos fillos. Moitas veces os fillos criábanse cos avós en Galiza. Ao remataren a escola, os seus pais non estaban listos para regresar a Galiza polas débedas acumuladas na construción da casa e decidiron traer os fillos a Suíza, onde estes comezaron unha formación profesional. Outra causa podía ser a falta de oferta de traballo en Galiza.

Naturalmente ao irse aprazando o retorno, este íase relacionando máis e máis coa xubilación. Moitos emigrantes remataron por rexeitar a idea de se volver reinserir no mercado laboral en Galiza e decidiron ficar en Suíza até alcanzar a xubilación

(XM) Cal é a orixe das iniciativas xenófobas en Suíza?

(MH) Dende 1965 temos que votar regularmente nas urnas sobre propostas xenófobas. A próxima vez será o 28 de novembro sobre unha iniciativa do partido popular suízo (SVP) co obxectivo de facilitar a expulsión do país de estranxeiros delincuentes.

As iniciativas xenófobas impuxeron a inmigración como tema constante no debate político do país. As primeiras iniciativas tiveron a súa orixe no enorme crecemento da poboación estranxeira dende os anos 50, un proceso que está vinculado á rigorosa regularización da nacionalización. Este crecemento constante foi (e é) instrumentalizado para fomentar o medo dos suízos pola perda da súa identidade cultura, en tempos de crise obviamente estes discursos xenófobos recaen en terra máis fértil aínda.

(XM) Retornan os galegos en idade de traballar ou só para xubilar-se?

(MH) Para moitos emigrantes galegos o retorno está estreitamente vinculado coa xubilación e a idea de volver traballar baixo un patrón é rexeitada. Despois de moitos anos de vida laboral como subalternos, exercer unha ocupación por conta propia é unha cuestión de orgullo no ámbito social galego.

Aquí cabe mencionar que a transición dunha vida laboral esaxeradamente activa á vida de retornado e xubilado pode ser moi brusca e presentarse difícil de asimilar.

(XM) En distintas relixións o paraíso é visto como un xardín, como unha horta rica e vizosa. A Xénese bíblica así o presenta. O retorno ao campo, á horta, á autosuficiencia alimentaria dos galegos despois de anos de duro traballo terá que ver con ese xardín paradisíaco do inconsciente?

(MH) Efectivamente. Todos os retornados que eu entrevistei tiñan unha horta ao regresar a Galicia. E parece que o traballo na horta lles ocupa gran parte do seu tempo. Nas nosas conversas mencionaban a autosuficiencia (parcial) como algo moi importante.

De tal forma que eu cheguei á conclusión que a autonomía produtiva no sentido da independencia dun salario foi para todos os entrevistados un obxectivo do retorno. Ademais o traballo na horta ten tamén a función de “pasar o tempo” - como dicían os retornados: ocupar de forma activa e razoábel o tempo que despois de moitos anos de traballo duro na emigración de súpeto sobra.

A antropóloga estadounidense Sharon Roseman fala neste contexto dun rural peasant ethos. Refírese con iso a que moitos galegos –emigrantes ou non– constrúen a súa identidade especificamente

baseándose na vida rural e campesiña malia seren empregados asalariados. Traballar a terra e consumir comida caseira son elementos fundamentais desta identidade.

(XM) Consideras que a política migratoria suíza do Gastarbeiter foi equivocada, egoísta?

(MH) Como toda política ten que ser vista dentro do seu contexto histórico: Suíza tiña nesa época un grande interese en conseguir obra de man barata que por razóns sociais e de política de estado non debía quedar a longo prazo no país. Mentres tanto, os países emisores (en primeiro lugar Italia e o Estado español) tiñan interese en exportar man de obra excedente que mantivese vínculos estreitos co seu país de orixe, en primeiro lugar para xerar a chegada de divisas ao país. Neste sentido a política do Gastarbeiter foi un “negocio redondo” para ambas as dúas partes (país emisor e país de acollida).

Dende o punto de vista humanitario foi certamente unha política explotadora, sobre todo porque dificultou a reunión familiar e a residencia permanente.

(XM) Podemos poñer o cartel de Fin para a historia da emigración galega a Suíza?

(MH) Á emigración do Gastarbeiter si lle podemos poñer cartel de fin. Co retorno dos últimos Gastarbeiter nos próximos anos remataría definitivamente unha época de emigración. Os actuais e futuros movementos migratorios entre Galiza e Suíza haberá que velos no marco dunha Europa cada vez máis pequena e o tratado de libre circulación de persoas. É unha migración que acontece baixo outros parámetros que oxalá sexan máis humanos e lles deixen máis liberdade aos individuos na toma de decisión sobre o seu lugar de residencia.

(XM) O país con máis inmigrantes do mundo, Estados Unidos, dende os seus inicios, loitou (obligou) na homoxeneización e asimilación dos inmigrantes despozándoos daquilo que os facía distintos, principalmente o idioma. Como ves ti a integración na Suíza? Enténdena os poderes públicos da Confederación?

(MH) As políticas de migración e integración estadounidenses e europeas son completamente diferentes e difíciles de comparar. Mentres que EUA (e Canadá) se construíron como países sobre a emigración e a idea do melting pot en Europa tívose outra idea de pertenza que se basea principalmente na cidadanía. De alí tamén a diferenza entre o ius sanguinis na maioría dos países europeos e o ius solis en Estados Unidos.

Nese sentido, Suíza foi exemplar dentro de Europa durante boa parte do século 20: inmigración si, integración non. Soamente dende os anos 90 do último século foi cambiando a percepción da integración e por parte da administración pública fixéronse grandes esforzos por facilitar a inmigrantes a participación en vida social, cultural e económica (pero non política, ligada exclusivamente á cidadanía) do país. Nos últimos anos gañou moito en peso a eliminación da discriminación como vía á integración. Estes cambios teñen que ser vistos dentro do marco do achegamento de Suíza á Unión Europea (sen chegar a ser membro) e o acordo sobre a libre circulación de persoas: A «mobilidade europea» e os esforzos pola integración van da man cunha política de inmigración cada vez máis restritiva para persoas de fóra da Unión Europea.

Gültig ab 29.1.64

bis auf weiteres

Eingang

um 06⁵² Uhr

um 13³⁰ Uhr

Ausgang

um 11⁵⁰ Uhr

um 17²⁰ Uhr

Der Betriebsleiter oder Abteilungsvorstand:

Für UF-Betriebsleitung:

D 7-09-59 b Ae1 3. 63. 4000

Carné de empresa (reverso) da factoria Brown Boveri, Suiza

ACORDO ENTRE O ESTADO ESPAÑOL E SUÍZA SOBRE CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES CON CIDADANÍA ESPAÑOLA PARA O SEU EMPREGO NA SUÍZA

[Asinado en Madrid o 2 de marzo de 1961]

O xefe do Estado Español e o Consello Federal Suízo

Tomando en consideración os vínculos de amizade que unen os dous Estados e as súas necesidades respectivas no sector do emprego, comprobando que interesa aos dous Estados facilitar o emprego de man de obra do Estado español en Suíza,

Desexando superar os obstáculos que se puidesen opor á contratación desta man de obra e de determinar as condicións de traballo que a favorezan en Suíza, resolven concluír un acordo e para este fin designan como os seus plenipotenciarios; o xefe do Estado Español a Fernando María Castiella Maiz, ministro de Asuntos Exteriores, o Consello Federal Suízo a Mario Fumasoli, embaixador de Suíza no Estado español que, despois de ter cambiado os seus plenos poderes, encontrándose en boa e debida forma, acordan as seguintes disposicións:

I. OPERACIÓNS DE COLOCACIÓN

Artigo 1

1. A Oficina Federal de Industria, Artes e Oficios e Traballo (en diante Oficina Federal) comunicará periodicamente ao Instituto Español de Emigración (en diante Instituto) informacións verbo as necesidades aproximadas da economía suíza na medida posíbel de satisfacer a demanda de man de obra.

2. O Instituto comunicará á Oficina Federal, o máis axiña posíbel, até que punto poden ser tomadas en consideración as necesidades anunciadas.

Artigo 2

1. Todo empresario domiciliado en Suíza que desexe contratar man de obra orixinaria do Estado español (en diante empresario) poderá para este efecto dirixirse directamente ao Instituto.

2. Neste acordo asimílese ao termo de empresario toda asociación profesional ou de utilidade pública debidamente autorizada para colocar traballadores do Estado español en Suíza. A Oficina Federal comunicará ao Instituto a lista das asociacións que cumpran esta condición.

3. O empresario poderá estar representado ante o Instituto por unha persoa da súa confianza, que será autorizada, se precisar, a residir no Estado español.

Artigo 3

1. O empresario poderá presentar ao Instituto unha solicitude de man de obra relativa a un ou varios traballadores non designados aínda polo seu nome. A solicitude, formulada nun modelo aprobado polo Instituto e a Oficina Federal, deberá conter todas as indicacións necesarias para información da man de obra desexada, especialmente no que atinxe á cualificación profesional requirida, ás características do emprego ofrecido, á súa duración, á remuneración bruta e neta e as demais condicións de contratación; deberá, ademais, indicar a forma en que o traballador se poderá aloxar e atender as súas necesidades de existencia no lugar de traballo.

2. O Instituto comunicará axiña ao empresario se hai traballadores dispoñíbeis para os empregos anunciados.

3 Se a demanda pode ser satisfeita transmitirállelo tan pronto como lle for posíbel aos traballadores, mediante a colaboración do Servizo Nacional de Encadramento e Colocación.

Artigo 4

1. O Instituto recibirá as ofertas de traballo e procedera á preselección dos candidatos. Por petición do empresario determinará a súa aptitude profesional e asegurarse de que responde ás características dos empregos propostos. En todo caso, someterá os candidatos preseleccionados a un exame médico. O Instituto enviará ao empresario un informe sobre cada candidato, conforme un formulario redactado de común acordo entre o Instituto e a Oficina Federal.

2. O empresario, se o desexar, poderá tomar contacto persoal cos candidatos preseleccionados no Estado español antes de proceder á súa contratación.

3. O empresario comunicará a súa decisión ao Instituto nun breve prazo. No caso de conformidade remitirá por duplicado, para cada traballador seleccionado, un contrato de traballo redactado en español así como en francés ou en alemán, conforme un modelo aprobado polo Instituto e a Oficina Federal. Xuntará unha garantía de autorización de residencia, expedida polas autoridades suízas de policía de estranxeiros.

Artigo 5

1. O empresario poderá tamén presentar ao Instituto unha solicitude relativa a un traballador do Estado español designado polo seu nome. Enviaralle, ao traballador, un contrato de traballo redactado en español así como en francés ou en alemán, conforme un modelo aprobado polo Instituto e a Oficina Federal. Xuntará una garantía de autorización de residencia, expedida polas autoridades suízas de policía de estranxeiros.

2. O Instituto non procederá a un exame médico ou profesional do traballador demandado nominativamente mais que por desexo expreso deste.

Artigo 6

1. Independentemente das demandas de man de obra que reciba, o Instituto poderá enviar á Oficina Federal, para a súa difusión entre os empresarios, listas dos traballadores que procuren emprego en

Suíza. Estas listas deberán comprender indicacións abondo detalladas sobre estado civil, idade e formación profesional dos candidatos, así como sobre a actividade que exerceran no Estado español e o tipo de emprego que desexen obter en Suíza.

2. O empresario que desexe contratar unha persoa da dita lista comunicarallo ao Instituto, enviándolle os documentos indicados no artigo 4, parágrafo 3.

II. FORMALIDADES

Artigo 7

1. O Instituto entregarlle ao traballador o contrato de traballo e a garantía de autorización de residencia recibidos do empresario.

2. Encargarase de lle facilitar tamén un pasaporte.

3. O Instituto coidará de que o traballador contratado por demanda numérica ou nominativa saia do Estado español dentro do prazo fixado no contrato de traballo.

4. Informará o empresario da data da saída do traballador.

Artigo 8

1. Serán por conta do empresario os gastos de transporte do traballador desde o lugar de residencia habitual no Estado español até o lugar de traballo en Suíza. Tomará igualmente ao seu cargo un importe equivalente ao custo das provisións precisas para a viaxe.

2. Os gastos de viaxe serán por conta do traballador se non cumpri-se as obrigas contractuais co empresario.

3. Os gastos de regreso serán por conta do traballador. Se fose rescindido o contrato antes do seu termo por razóns imputábeis ao empresario, serán por conta deste os gastos de regreso até a fronteira do país de orixe do traballador, a menos que este último puidese obter outro emprego en Suíza.

4. De tratarse dun traballo de temporada, o empresario deducirá de cada pagamento unha cantidade suficiente para cubrir os gastos de regreso ao termo da temporada.

5. Os gastos de regreso dos traballadores rexeitados na fronteira suíza polo control sanitario serán por conta do Estado español. Se o traballador fose contratado por demanda nominativa, os gastos de regreso serán por conta do Estado español, só se tivese lugar no Estado español o exame médico previo.

6. Se for preciso, o Instituto anticipará as sumas precisas para a viaxe de ida; entenderase co empresario en relación co reembolso que este anticipe.

7. O Consulado do Estado español competente encargarse da repatriación dos traballadores rexeitados, cuxos gastos de repatriación serán por conta española.

Artigo 9

1. A entrada do traballador e o seu dereito de residencia en Suíza determinaranse segundo as disposicións da Lei federal do 26 de

marzo de 1931/8 de outubro de 1948, sobre residencia e establecemento de estranxeiros, e da Decisión da Organización Europea de Cooperación Económica do 30 de outubro de 1953/7 de decembro de 1956, que regulan o emprego dos cidadáns dos países membros.

2. As autoridades suízas poderán, en particular, negarse a admitir un traballador desprovisto dun pasaporte válido ou da garantía de autorización de residencia.

Igualmente poderán rexeitar na fronteira todo traballador que teña algunha das doenzas contaxiosas previstas polas prescricións vixentes en Suíza. Os nomes dos traballadores rexeitados por motivo de saúde deberán ser inmediatamente comunicados ao Instituto pola Oficina Federal.

3. Co fin de evitar, na medida do posíbel, tales feitos, a Oficina Federal comunicará ao Instituto a lista das doenzas que impidan a entrada en Suíza e informará sobre todas as modificacións posteriores da dita lista.

Artigo 10

1. O traballador deberá declarar a súa chegada a Suíza na policía de estranxeiros do lugar da súa residencia conforme as disposicións legais vixentes.

2. As autoridades suízas chamarán a atención do traballador sobre a súa obriga de se inscribir no Consulado do Estado español competente, conforme as prescricións españolas na materia e os fins previstos polos convenios vixentes entre os dous Estados.

III. CONDICIÓN DE TRABAJO E MEDIDAS DE CARÁCTER SOCIAL

Artigo 11

1. Os traballadores españois serán empregados en Suíza nas mesmas condicións de remuneración e de traballo que a man de obra nacional, dentro do marco das disposicións legais, dos usos profesionais e locais e, de ser o caso, dos convenios colectivos de traballo.

2. Beneficiaranse dos mesmos dereitos e da mesma protección que os nacionais no que concirne á aplicación das leis sobre hixiene e traballo, así como en materia de aloxamento.

3. As autoridades suízas coidarán da observancia destas disposicións e comprobarán, en particular, se as condicións de contratación están conformes con aquelas.

4. Ademais, os traballadores orixinarios do Estado español terán acceso, nas mesmas condicións que os nacionais, ás autoridades administrativas ou xudiciais competentes nos conflitos de traballo.

Artigo 12

1. A seguridade social dos traballadores orixinarios do Estado español fica regulada polo Convenio sobre a materia asinado entre o Estado español e Suíza o 21 de setembro de 1959, así como polos acordos complementarios.

2. As obrigas dos empresarios respecto dos traballadores en mate-

ria de seguro de enfermidade deberán ser fixadas no modelo de contrato de traballo aprobado polo Instituto e a Oficina Federal.

Artigo 13

Os traballadores orixinarios do Estado español poderán transferir ao seu lugar de orixe a totalidade dos seus aforros, conforme as disposicións suízas sobre a materia.

Artigo 14

A Oficina Federal preparará, para información dos traballadores orixinarios do Estado español, unha nota sobre todas as cuestións que lles interesen, tales como a situación do mercado de traballo, as condicións xerais de admisión, de traballo e de vida en Suíza, salarios, impostos, seguros sociais e as principais disposicións da lexislación laboral. Porá esta nota á disposición do Instituto e manterao informado dos cambios que se puidesen producir.

Artigo 15

1. A Oficina Federal examinará co Instituto e coas entidades interesadas a forma en que os traballadores orixinarios do Estado español poidan ser axudados a superar as dificultades prácticas que atopen en Suíza, especialmente durante o primeiro período de adaptación.

2. As organizacións sociais e relixiosas españolas poderán ser convidadas a colaborar nesta tarefa, de acordo coas organizacións suízas correspondentes.

Artigo 16

1. As autoridades españolas non exixirán ningunha formalidade especial para readmitir os traballadores que entraran en Suíza, así como os seus familiares.

2. Proverán a repatriación daqueles que estean a cargo da asistencia pública en Suíza.

IV. DISPOSICIÓNS PARA A APLICACIÓN

Artigo 17

1. O Instituto e a Oficina Federal entenderanse directamente, dentro dos límites da súa competencia, sobre todas as medidas de detalle de que dependa a aplicación do presente acordo.

2. De conformidade coas autoridades competentes de cada país, cooradarán de que se leven a cabo, nos prazos máis breves posíbeis, as operacións de colocación, a expedición de pasaportes e das autorizacións precisas e as formalidades de entrada en Suíza.

3. A embaixada e os consulados do Estado español en Suíza comunicarán á Oficina Federal as reclamacións concernentes á aplicación do presente acordo que desexen facer chegar ás autoridades suízas.

Artigo 18

1. Por solicitude dun dos dous Gobernos poderase constituír unha Comisión Mixta, composta como máximo de cinco delegados de cada país. Cada delegación poderá ter os expertos que precise.

2. A Comisión Mixta procurará a solución ás dificultades de aplicación que non puidesen ser superadas polo Instituto e a Oficina Federal. Poderá, así mesmo, examinar cuestións xerais relativas á inmigración de man de obra orixinaria do Estado español en Suíza. Se proceder, fará propostas aos dous Gobernos sobre os asuntos que teña estudado.

3. A Comisión Mixta fixará a súa organización interna e a súa forma de traballo. As súas reunións terán lugar no Estado español ou en Suíza.

V. DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Artigo 19

1. O presente acordo será ratificado e os instrumentos de ratificación serán trocados en Berna o mais pronto posíbel. Entrará en vigor o día da troca dos instrumentos de ratificación pero será posto provisionalmente en aplicación desde a data da súa sinatura.

2. O acordo terá validez até o 31 de decembro de 1961 e será renovado tacitamente de ano en ano, salvo denuncia feita polo menos seis meses antes de cada vencemento.

E NA SÚA FE, os plenipotenciarios mencionados, debidamente autorizados, asinan o presente acordo.

Feito en Madrid, en catro exemplares, dous en español e dous en francés, que dan igualmente fe, o 2 de marzo de 1961.

Polo Estado español: Asinado por Fernando María Castiella Maiz

Por Suíza: Asinado por Mario Fumasoli



**Breviario
para la mano de obra
española en Suiza**

Cubierta de "Breviario" (1961) da factoria Brown Boveri, Suiza

BREVIARIO PARA A MAN DE OBRA ESPAÑOLA NA SUÍZA DA COMPAÑÍA BROWN BOVERI, 1961

Queridos colaboradores chegados do Estado español:

Co fin de atopar mellores posibilidades de vida viñeron vostedes dende España a Suíza. É lóxico que nun principio se atopen nun ambiente de costumes completamente distintos aos da súa patria. Aínda así, non dubidamos de que co tempo se irán aclimatando.


Afacerse ás diferentes condicións de vida seralles probabelmente dalgunha dificultade, principalmente no que se refire ás diferenzas das bases xurídicas entre ambos os dous países. A súa orixe hai que procurala no desenvolvemento histórico tan diferente de ambos os dous Estados.

O noso maior desexo sería que esta publicación lles facilitase unha boa aclimatación no noso país. Nesta guía darémoslles a coñecer a grandes trazos a estrutura da nosa patria e orientarémolos sobre as institucións públicas e privadas. Ademais, atoparán explicacións verbo as máis importantes prescricións suízas referentes á Lei do traballo, permiso de estadía, obriga do pagamento de impostos, lei de alugueiros, seguro, etc.

Estes artigos non só os orientarán sobre as súas obrigas, senón tamén sobre os seus dereitos.

Confiamos que isto lles poderá axudar grandemente a coñecernos e con iso a adaptarse rapidamente, o que lles permitirá vivir máis a gusto entre nós.

A dirección



Publicidade dun día de portas abertas na factoría Brown Boveri, Suíza, 1966

Suíza, o país que nos hospeda

Para o estranxeiro observador que por vez primeira visita Suíza, o que máis lle chama a atención son as súas montañas e as liberdades democráticas.

Case un terzo dos 41. 000 km² con que conta o territorio helvético está constituído por cadeas montañosas nas abas das cales repou-san numerosos lagos, o que dá sen dúbida ningunha ao país un atractivo moi particular para o turista pero, pola contra, o terreo é en gran parte improdutivo.

Os 5,6 millóns¹ de habitantes con que conta o país agloméranse forzosamente na altiplanicie, bacía relativamente cha que limita cos Alpes polo sur, coa cadea do Xura preto da fronteira francesa ao oeste e co río Rin cara a Alemaña, polo norte. O campo e os vales interiores, ao igual que noutros países, van despoboándose devagariño.

Outra característica de Suíza é a firmeza da súa orde política, baseada nunha secular democracia. O nacemento da Confederación data do ano 1291, motivo polo que é considerada con frecuencia como «a máis antiga democracia do mundo». Podemos resumir as liñas esenciais da súa organización política. Suíza foi até o ano 1848 unha Confederación de Estados, é dicir, unha asociación que ten como fundamento a obriga dunha alianza defensiva, que deixando os seus membros plena autonomía e soberanía. A partir do dito ano, se exceptuamos a breve paréntese da República Unitaria que Napoleón impuxo entre 1798 e 1803, Suíza constituíuse nun Estado Federal, é dicir, un conxunto de Estados con institucións e leis propias pero unidos por unha Constitución Federal, un Parlamento común –as cámaras federais, constituídas polo Consello Nacional e o Consello dos Estados– e un Goberno común, o Consello Federal. Todos estes organismos limitan a súa propia autonomía en beneficio e interese de todo o país.

Suíza está dividida en 22 cantóns autónomos, dos cales 3 (Basilea², Appenzell e Unterwalden) están subdivididos en semicantóns polo que, en total, o número ascende a 25.

A base política da Confederación son os municipios. Cada municipio posúe a súa asemblea (composta de todos os seus habitantes activos). que toma decisións que terán o carácter de leis (poder lexislativo) e nomea o Concello (eventualmente o Consello Municipal) que ten por misión levar á práctica as decisións tomadas (poder executivo). A autoridade lexislativa dos municipios é o Parlamento Cantonal e a executiva o Goberno Cantonal, chamado de xeito distinto en cada cantón.

Cada cantón nomea dous representantes no Consello dos Estados, que é unha das dúas cámaras que compoñen a Asemblea Federal; esta representa o poder lexislativo da Confederación.

A outra Cámara é a do Consello Nacional que representa o pobo suízo con 200 deputados.

Este sistema permite un xusto equilibrio entre os intereses dos poucos pero ricos e populosos cantóns da altiplanicie que están representados en maioría absoluta no Consello Nacional e aqueles cantóns de montaña, economicamente débiles, que posúen non obstante a maioría no Consello dos Estados. Isto trae consigo que para que unha lei ou decreto adquira forza executiva, deba posuír a aprobación de ambos os dous consellos. Unicamente desta forma o Consello Federal –composto de sete ministros denominados conselleiros federais– que representa o máximo poder executivo, non poderá aplicala, confiando a súa execución a un dos sete departamentos de que dependa directamente.

Fálase de «Suíza, tres nunha» co que se quere aludir á súa composición lingüística e nacional. Esta, abofé, consta de xentes pertencentes a tres linguas e culturas distintas, a saber: alemá, francesa e italiana (catro se se ten en conta a pequena minoría –1% da

poboación— dos latino-romanches que viven no cantón dos grisóns).

Á primeira pertence a grande maioría —o 74%— do pobo suízo: os suízos alemáns, que falan con algunhas variacións o seu dialecto característico. A segunda comprende os suízos franceses, que constitúen o 20% da poboación e a terceira os suízos italianos (tesineses³ e grisóns⁴-italianos) que son a minoría con apenas o 4,1%. Os suízos alemáns, cun número de máis de 3.606.300 (Censo federal de 1960), están repartidos en 16 cantóns esencialmente alemáns, dos cales catro bilingües (Berna, Fribourg, Grisóns e Valais) e un (o cantón dos Grisóns) nada menos que trilingüe (alemán, italiano e romanche). Os suízos franceses, uns 977.900, habitan en 3 cantóns tipicamente franceses (Xenebra, Vaud e Neuchâtel) e 2 bilingües (Fribourg e Valais); os suízos de lingua italiana son preto de 199.000, concentrados nun 90% no cantón de Ticino, os restantes residen especialmente en tres vales, illados un do outro no cantón de Grisóns. Non soamente Suíza está subdividida internamente en fronteiras políticas e lingüísticas, senón tamén confesionais, as cales en nada coinciden coas outras dúas.

As loitas confesionais entre católicos e protestantes que asolagaron o país durante dous séculos despois da chegada da Reforma, ameazaron numerosas veces a vida da Confederación. Hoxe as fronteiras confesionais establecéronse e a paz entre os dous maiores cultos, católico e protestante, pódese considerar perfecta.

Unha forte maioría protestante está presente nos tres cantóns franceses de Xenebra, Vaud e Neuchâtel, así como nos populosos cantóns industriais da Suíza alemá de Zürich, Berna, Basilea, Schaffhausen e Appenzell externo⁵, sendo pola contra os cantóns da antiga Suíza (Suíza central) comprendido o de Luzerna e o dos cantóns de Valais, Fribourg e Ticino onde prevalecen un maior número de católicos. Nas restantes rexións atópase moi igualado o número de crentes católicos e protestantes.

Hai un século, Suíza era un país eminentemente agrícola, hoxe non obstante é un dos países mais industriais de Europa. Pero a diferenza doutros países, non atopamos rexións fortemente industriais –agás dos centros de Basilea e Zürich– opostas a zonas tipicamente rurais. Aínda así, as inevitábeis diferenzas económicas entre rexión e rexión son relativas. En xeral podemos aínda afirmar que a industria suíza se concentra sobre a altiplanicie salvo naturalmente a dos reloxos, que se atopa na rexión montañosa do Xura. Algunhas das maiores industrias suízas (maquinaria, reloxos e téxtiles) exportan por termo medio máis do 90% da súa produción, o que testemuña a calidade dos seus produtos. Socialmente, Suíza é un dos países máis desenvolvidos. Unha das características da súa orde social é a grande achega da economía privada –en grande parte superior a do Estado– ás diversas institucións sociais: as diferentes formas de previsión, seguros de enfermidade, accidentes, vellez e clases pasivas, etc. Para dar unha idea do nivel de formación na Confederación, limitarémonos a lembrar que a instrución pública –que depende de cada cantón– é obrigatoria e gratuíta e que xunto ás numerosas escolas superiores e institutos, sen esquecer as escolas profesionais de calquera ramo e categoría (técnicas, hoteleiras, agrícolas, etc), Suíza conta con 9 institutos universitarios dos cales un, a Escola Politécnica de Zürich, é federal.

En Suíza cada cidadán é un soldado, o que significa que o servizo militar é constitucionalmente obrigatorio para os homes dende os 20 até os 50 anos; para as mulleres é facultativo. Só deste xeito se explica que durante un determinado período da última guerra mundial, preto de 800.000 homes –dunha poboación que daquela chegaba aproximadamente aos 4.5 millóns de habitantes– se atopaba en servizo activo. A organización militar, o equipamento do exército e a defensa nacional incumben á Confederación. Tan só en caso de mobilización xeral a Asemblea federal elixe un xeneral

Condicións de traballo na Suíza

«En terra de lobos ouvea coma todos», di un vello refrán que en cada idioma atopa a súa fiel versión. Dito noutras verbas, significa que o estranxeiro debe respectar as leis e costumes do país que o hospeda, procurando saber integrarse na vida daquel pobo aínda que só sexa pola gratitude de ser acollido neste. Exactamente o mesmo que un hóspede está obrigado a observar e adaptarse ás normas da casa. «A hospitalidade é sagrada» di tamén outro proverbio que resume en catro palabras canto dixemos anteriormente e que a tradición dos pobos civilizados vén confirmando dende hai séculos.

O respecto das leis e costumes

O respecto das leis e costumes non vale tan só para o turista de paso, senón tamén e sobre todo, para o estranxeiro que noutro país atopou ademais da hospitalidade. o pan e o traballo. E isto aínda cando lle resulte moi dura unha longa permanencia en lugares de costumes diferentes ás do seu país de orixe e poña a rexa proba a propia vontade e autodisciplina, nunha palabra, a propia educación.

Un estranxeiro, onde queira que se atope, é sempre o representante do seu país e por iso deberá sempre comportarse como tal para non prexudicar a súa reputación persoal e aquela do país que representa.

Estas consideracións deberían ser suficientes para calquera que ame a súa patria –e, quen non é nacionalista no bo sentido da palabra?– a incitalo a comportarse correctamente cando se atopa no estranxeiro.

Quen dos numerosos obreiros procendetes do Estado español que actualmente hospeda Suíza non ama o seu lugar de orixe? Quen deles non quereda contribuír aínda que só fose cunha pequena achega per-

soal a incrementar o alto prestixio que os distintos pobos e rexións que a nobre nación española goza na democracia helvética?

Disciplina rigorosa no traballo

Diversas son os xeitos, que por certo se escusa enumeralos, con que o obreiro español en Suíza pode acotío contribuír ao prestixio do seu país.

Adoita dicirse que a disciplina de vida nos países nórdicos é moito máis severa que a dos países meridionais: disciplina ríxida, que se manifesta particularmente no traballo e que é debida en gran parte ao carácter mesmo daqueles países –menos inclinados ao individualismo moitas veces extremo, característico dos meridionais– e en parte ás máis duras necesidades de traballo impostas naquelas terras onde a natureza é normalmente bastante menos xenerosa que nos máis soleados pobos mediterráneos. Suíza pertence, tanto pola súa composición étnica principalmente alemá como pola súa posición xeográfica –en gran parte sobre o árido e abrupto terreo alpino–, máis ben ao grupo de países nórdicos. Sen materias primas –exceptuadas as augas impetuosas das súas fervezas, que veñen transformadas en enerxía eléctrica–, Suíza puido conquistar un posto digno entre os grandes Estados grazas unicamente á férrea vontade que os seus habitantes demostraron sempre no traballo. Vontade e disciplina, estas son as armas das que xurdiu o milagre colectivo da Suíza industrial, cuxa sona conquistou o mundo.

Responsabilidade na calidade e regularidade no traballo

Os obreiros españois xunto cos seus compañeiros suízos non só se benefician das vantaxes financeiras que a xeral prosperidade actual lles achega senón que, coma eles, soportan tamén a grave respon-

sabilidade de ser os artífices da calidade e da regularidade do traballo suízo, que é a suma enxeñosa do traballo intelectual e manual, a perfecta colaboración entre obreiros e patróns no interese común da empresa e de todo o país.

Se falla unha engrenaxe, todo o conxunto, sen dúbida ningunha, sofre as consecuencias: se falla a achega dun so obreiro, toda a empresa se resente, a produción diminúe, o traballo non realizado polo obreiro ausente acumúlase e, no mellor dos casos, repártese entre os seus compañeiros presentes máis laboriosos e dilixentes. É difícil a substitución da noite á mañá dunha forza creadora, sobre todo tratándose sempre de produción de calidade que require unha man de obra altamente especializada. Se se atrasa a substitución, non é raro que o traballo cese nalgún taller da empresa, carrexando desta forma atrasos na produción e no prazo de entrega, o que á súa vez pode conducir á perda dos tradicionais clientes e, por consecuencia, á redución do traballo na empresa e, en moitos casos, ao despedimento de parte da man de obra.

Se todos os obreiros reflexionasen sobre canto antecede, os regulamentos das fábricas –que prohiben as ausencias inxustificadas do traballo e que exixen a presentación ao seu debido tempo de calquera petición de permiso, ben sexa por doenza, vacacións, asuntos familiares e aínda para un so día de ausencia– non parecerían certamente tan severos e non sería considerada como un feixe de meticolosos ou peor aínda. É polo tanto lóxico que as empresas suízas, para concederen horas libres, se atean unicamente ás festividades, sexan relixiosas ou civís, con tradición no país –ou como máximo segundo os costumes dos seus cantóns– pero lóxicamente non poden adaptarse ás dos países de procedencia de cada un dos seus empregados estranxeiros.

Se se pensase un pouco en todo isto, o traballo sería menos monótono, xa que o obreiro estaría orgulloso de sentirse parte inte-

grante activa dunha xenial obra colectiva e artifice indispensábel do traballo suízo de calidade.

Estadía, residencia, expulsión

Máis dunha décima parte da poboación suíza está hoxe constituída pola man de obra estranxeira⁶, ocupada en diversos ramos da súa economía. Deste importante continxente de traballadores estranxeiros, máis de 44.000 proceden do Estado español.

Cales son as condicións que as leis suízas impoñen ao estranxeiro en xeral e ao cidadán español en particular para poder residir no territorio helvético? Esta é a pregunta que trataremos agora de contestar.

A Lei federal do 26 de marzo de 1931, que fixa as condicións de residencia dos estranxeiros en xeral, prevé no seu artigo primeiro que ten dereito a residir en Suíza todo estranxeiro que posúa un permiso de estadía, de residencia ou un permiso especial de tolerancia.

Estadía, residencia e permiso especial de tolerancia

Estadía, residencia e permiso especial de tolerancia, son por conseguinte as tres formas de residencia recoñecidas polas vixentes disposicións legais suízas, Vexamos en primeiro lugar como se deben interpretar estas distincións.

Por estadía enténdese a residencia en calquera cantón de Suíza por un tempo limitado que normalmente non é superior a un ano. Por residencia, cando a estadía é superior a un ano. As autoridades competentes –a policía cantonal e federal de estranxeiros⁷– conceden en consecuencia dúas clases de permisos regulares: o permiso de estadía (que ademais de ser a súa validez limitada, pode impoñer ao beneficiario determinadas condicións) e o permiso de residencia

(que ten unha validez ilimitada e non está suxeito a condición ningunha). Unha terceira clase de autorización é o permiso especial de tolerancia, que ten duración sempre limitada, Este permiso concéde-se xeralmente ao estranxeiro que non posúe documentos de lexitimación recoñecidos válidos, en xeral mediante unha garantía para o cumprimento de todas as obrigas de dereito público e para observar as condicións que lle foron impostas,

As condicións de estadía

Para obter ben sexa o permiso de estadía ou residencia, o operario español debe ter documentos nacionais lexitimamente recoñecidos, particularmente o pasaporte válido e unha confirmación do permiso de estadía estendida pola policía de estranxeiros do cantón onde o interesado queira traballar (para tal obxecto o interesado previamente presentaría á devandita policía unha petición en tal sentido). Dentro dos 8 días seguintes á súa chegada a Suíza e, en todo caso, antes de iniciar a súa actividade, os traballadores procedentes do Estado español deberán presentarse á Policía de Estranxeiros do lugar de residencia para ultimar as condicións de estadía.

Na decisión sobre a petición do permiso, as autoridades competentes teñen en conta a moralidade do solicitante e dos seus títulos profesionais, así como da situación do mercado de traballo. Sobre a decisión de estadía, de residencia ou especial, non poderá influír ningunha outra condición particular do solicitante, como por exemplo, o matrimonio, a adquisición dun establecemento, o aluguer dunha casa, a conclusión dun contrato de traballo, a fundación ou a participación nunha empresa, etc.

Obtido o permiso de estadía, a autoridade estenderá ao traballador con español o coñecido como «Libro de estranxeiros⁸» que será

de tipo diverso, segundo a categoría do permiso recibido, é dicir especial, de estadía ou de residencia⁹. O libro é un documento de moita importancia para o traballador, que está obrigado a presentalo, aínda cando non llo soliciten, tanto ás autoridades coma ao empresario ou patrón.

Aínda que o estranxeiro teña prevista unha longa estadía na Suíza, por regra xeral a autoridade estenderalle en principio soamente un permiso de estadía. Non obstante, a residencia poderá ser concedida rapidamente ao estranxeiro que con anterioridade estivese xa domiciliado na Suíza dende numerosos anos (a muller de procedencia suíza, casada cun español pero que viva en Suíza despois do seu matrimonio, recibirá do seu cantón un permiso de residencia sexa calquera a clase de autorización do marido).

É de notar que o permiso de estadía ou de residencia perde a súa validez cando o beneficiario, por volver ao seu país ou trasladarse a outro, se ausenta de Suíza durante 6 meses (este prazo pode ser prorrogado até 2 anos se o interesado o solicita antes da súa caducidade).

Os cantóns son competentes para conceder por propia iniciativa permisos de estadía nos casos seguintes:

a) Por dous anos aos estranxeiros que non exerzan unha actividade lucrativa, sempre que habiten na Suíza por un tempo limitado; como así mesmo aos alumnos durante o tempo da súa escola, aos estudantes até o final dos seus estudos e aos doentes que se atopen en hospitais até o seu total restablecemento.

Ao servizo doméstico e aos labregos contratados por un particular, até 5 anos.

Aos traballadores temporais por unha estación, pero non superior aos nove meses.

Para os demais permisos é precisa a aprobación da Policía Federal de Estranxeiros, a cal estenderá normalmente o permiso de residencia só 10 anos despois de estadía ininterrompida.

O permiso de estadía, residencia ou especial de tolerancia, estendido a un estranxeiro, é valido só para o territorio do cantón que o concede. En caso de que as súas actividades ou intereses se trasladen a outro cantón, o interesado debe anunciarse dentro do prazo de 8 días ás autoridades de policía de estranxeiros do novo lugar de residencia.

Revogación do permiso

Ademais, a lei prevé que as mesmas autoridades cantonais que concederan un permiso, ben sexa de domicilio, residencia ou de tolerancia, poden revogalo, o que equivale a unha orde de expulsión da Suíza do beneficiario cando este, grave ou reiteradamente, contraña as disposicións da lei ou as decisións da autoridade do país que o hospeda, faltando ás súas obrigas profesionais ou privadas.

Aínda así, cando as causas son de natureza política, a expulsión é competencia das autoridades federais, é dicir, da Policía Federal de Estranxeiros, un dos órganos executivos dependentes do Ministerio de Orde Pública da Confederación. Para non ter que recorrer a estas medidas, é suficiente que o traballador estranxeiro observe a regra de convivencia política, que pode ser resumida nos puntos fundamentais seguintes:

1° Os estranxeiros domiciliados na Suíza en posesión dun permiso regular de residencia están acollidos ao beneficio –como os cidadáns suízos– da liberdade de opinión política, da liberdade de reunión ou de asociación.

2° Os estranxeiros non poden, non obstante, exercer ningunha actividade de carácter político, que é de competencia única e exclusiva do cidadán suízo.

3° A actividade política dos estranxeiros debe aterse ás leis do país que o hospeda, manténdose dentro dos límites compatíbeis cos intereses do Estado.

4° En consecuencia, por ningunha razón poderá ser tolerada no territorio suízo a actividade política de militantes dun partido estranxeiro, que teña un fin contrario á democracia, nin de partidos extremistas, ben sexan de dereita ou de esquerda.

Seguros de vellez e clases pasivas = AHV10

Seguro de invalidez = V11

A importante man de obra española ocupada anualmente nas diversas áreas da economía suíza goza das mesmas condicións salariais que a dos traballadores do país, así como das mesmas previsións sociais. Vixían a súa execución e cumprimento as respectivas disposicións legais da Confederación, os sindicatos de todas as ideoloxías políticas e os representantes diplomáticos e consulares do Estado español en Suíza; en primeiro lugar, a embaixada de España en Berna a través dos seus servizos especiais de emigración e os diversos consulados repartidos nas diferentes rexións do país.

Non faremos referencia ningunha ás retribucións da man de obra non española, limitándonos unicamente ás medidas sociais ás cales o traballo destes en terra estranxeira lles dá dereito. Tanto para os traballadores españois coma suízos rexen neste sector as mesmas normas legais; aquelas que se basean na Lei federal sobre os seguros de vellez e clases pasivas, coñecida coa abreviación de Lei sobre AHV. Esta institución social básica para a poboación suíza en xeral e para a clase obreira en particular, que entrou en vigor a finais de 1948, é aplicábel dende hai anos á man de obra estranxeira ocupada na Confederación, sempre que entre as autoridades suízas e aquelas do país a que pertenza un determinado traballador se establecese un especial acordo internacional. Suíza estableceu un convenio con España o 21. 9. 1959¹², o cal está en vigor dende o 1.7.1960.

Dende o 1º de xaneiro de 1960 existe tamén en Suíza un seguro de invalidez (IV). Trátase dun seguro obrigatorio para todas as persoas adultas residentes no país e, polo tanto, tamén para os estranxeiros. O seguro de invalidez forma parte da mesma organización da AHV.

Como para cada seguro, tamén para os seguros de vellez e clases pasivas (AHV) é preciso pagar determinadas cotas regulares durante certo período de tempo antes de ter dereito ao correspondente subsidio ou pensión, ou sexa, antes de que o asegurado reciba regularmente a súa respectiva pensión nos anos de vellez. A diferenza doutros seguros, o AHV é obrigatorio para todo aquel que exerza unha actividade lucrativa (tamén para quen viva de rendas). Dixemos que para o AHV existe igualdade de dereitos e deberes entre os traballadores suízos e españois.

Certificado de seguro

No instante en que quede suxeito á obriga do pagamento das cotas, cada asegurado recibirá un certificado de seguro acreditativo da súa afiliación ao seguro suízo. Sempre que o interesado cambie de emprego, deberá presentar o seu certificado ao novo patrón, para os efectos de inscrición da caixa que contabiliza as cotas.

Cotas

As cotas pagadoiras polos asegurados (asalariados, traballadores independentes e persoas sen actividade lucrativa) son as seguintes:

Os traballadores independentes pagarán o 4,8% dos seus ingresos; esta porcentaxe distribúese así: o 4% para o seguro de anciáns e clases pasivas, e 2 veces o 0,4% para o seguro de invalidez e para os subsidios de perda de remuneración. Os asalariados terán a

mesma cota, pero pagarán unicamente a metade, quedando a outra metade a cargo do patrón do asegurado.

Dereito ás pensións do seguro de vellez e clases pasivas

Ao producirse o feito obxecto do seguro (65 aniversario do nacemento para os homes e 62 para as mulleres), os súbditos españois terán dereito á pensión ordinaria, en calquera dos casos seguintes:

Se pagaron cotas ao seguro AHV suízo durante un total de cinco anos completos, como mínimo;

Se viviron en Suíza durante dez anos, dos cales cinco polo menos sen interrupción antes de chegar ao feito obxecto do seguro e pagaran as cotas polo menos un ano enteiro ao AHV.

Ao producirse o falecemento dun asegurado comprendido en calquera dos casos precedentes, os seus herdeiros terán dereito ás pensións ordinarias do seguro AHV suízo.

As pensións satisfeitas aos interesados de nacionalidade suíza serán equivalentes a aquelas que se aboarán aos traballadores españois. Estas varían para as pensións simples (solteiros) dun mínimo de 1500 a un máximo de 3200 francos ao ano; e a dos casados, dun mínimo de 2400 a un máximo de 5120 francos ao ano.

Requisitos para poder gozar da pensión

Ao acontecer o feito obxecto do seguro, presentarase a solicitude de pensión nos órganos que seguidamente se enumeran, os cales facilitarán o oportuno formulario:

Se o solicitante está domiciliado en Suíza, na caixa de compensación onde se pagasen as últimas cotas:

Se o solicitante está domiciliado en España, no Instituto Nacional de Previsión, en Madrid, para o seu traslado á Caixa Suíza de Compensación de Xenebra.

Se o solicitante está domiciliado en calquera outro país, na Caixa Suíza de Compensación de Xenebra, 52, rue des Pâquis.

Á solicitude uniranse os seguintes xustificantes:

–certificado de nacionalidade do consulado.

–certificado oficial das autoridades suízas competentes, acreditativo da residencia do interesado en Suíza durante un mínimo de 10 anos.

Reembolso das cotas

Os súbditos españois e, de ser o caso, os seus herdeiros que, ao acontecer o feito obxecto do seguro (límite de idade ou falecemento), non reúnan as condicións necesarias para a concesión da pensión, terán dereito a que se lles reembolsen as cotas pagadas ao seguro suízo, AHV polo asegurado e polos seus patróns.

Seguro de invalidez

A convención non se estende ao seguro de invalidez suízo, prevén-dose celebrar un acordo especial para este seguro. Entrementres, os súbditos españois están suxeitos ás mesmas condicións que os demais estranxeiros no que atinxe a prestacións de invalidez, as cales só serán pagadoiras mentres o beneficiario resida en Suíza.

As prestacións da AHV están representadas exclusivamente polas pensións. Non obstante, o obxecto principal da IV é o de favorecer a reintegración no circuíto económico dos inválidos de calquera clase (cegos, xordos, paralíticos, etc.). Non se quere axudar simplemente aos inválidos con pensións, deséxase mais ben os axudar, dentro do

humanamente posíbel, a vencer a súa enfermidade facéndolles reem-
prender unha actividade que lles permita gañar o seu pan. A IV pro-
ponse alcanzar esta meta a través da orientación profesional, a ree-
ducación e a colocación dos inválidos.

Se é preciso, o seguro concede tamén os medios artificiais, como
aparellos acústicos, próteses, etc.

Medidas de asistencia e seguros de enfermidade

O Estado central non é en Suíza unha omnipotente e grandiosa
máquina como o é noutros países, entre eles España. A Confedera-
ción suíza baséase politicamente nos cantóns —da súa unión naceu
no curso dos séculos—, os que á súa vez o fan sobre os concellos que
son as verdadeiras células da democracia. Tamén o Estado español
está subdividido en rexións, provincias e municipios, pero estas es-
tán reducidas a simples circunscricións administrativas dependen-
tes do Estado, privadas en consecuencia de calquera poder político
efectivo.

Ordenación social descentralizada

Esta situación no plano político reflíctese forzosamente tamén no
plano de ordenación social. Centralizado este ao extremo en España,
está pola contra maiormente descentralizado en Suíza, en primeiro
lugar entre os diversos cantóns e, despois, entre os maiores conce-
llos. Pero xunto ás entidades públicas, é a iniciativa privada a que en
boa parte prevé ás exixencias sociais da poboación. Esta obra social
de cada empresa industrial ou comercial desenvólvese naturalmen-
te a prol dos seus empregados e familiares.

Asistencia aos doentes

Entre as diversas obras sociais, a que maior importancia ten en Suíza é a asistencia aos doentes, que se basea exclusivamente no principio do seguro que se traduce practicamente nos chamados seguros de doenza. Non en todos os cantóns rexe a obriga de formar parte dun seguro de doenza. Xunto a numerosos seguros de doenza financiados parcialmente polas entidades públicas, existen moitos de carácter privado; tanto nuns coma noutros, os membros están obrigados a pagar regularmente as súas cotas para poder gozar dos seus beneficios. Todos os seguros deben ademais estar recoñecidos pola Confederación, o que constitúe unha forma de garantía e de máximo control. Unha forma moi estendida dos seguros de doenza son os das empresas privadas, nos ámbitos dos cales as cotas son pagadas tanto polos traballadores coma pola empresa. As cotas e, naturalmente, as prestacións destes seguros totalmente independentes dos poderes públicos varían bastante unhas das outras, moitas veces en función do número de empregados da empresa e do seu poder financeiro; xeralmente ao mesmo seguro pertencen outras empresas, o que contribúe loxicamente ao aumento das prestacións. As prestacións destes seguros varían bastante: uns sufragan nada máis que os gastos polas curas médicas; outros, ademais disto, subvencionan parcialmente os gastos por medicamentos e outros, en fin, conceden unha indemnización diaria e reembolsan parte dos gastos de hospital.

As cotas e prestacións do seguro de doenza

De todos os xeitos, tanto no que se refire ao pagamento de cotas como ás prestacións, estas están precisadas nos estatutos de cada seguro, ben sexa público ou privado. De máis está dicir que as pres-

tacións son fixadas baseándose nas cotas requiridas. Se, tratándose dun seguro de doenza de empresa, se tivesen que lamentar numerosos casos de doenza durante un determinado ano cos conseguíntes gastos extraordinarios do seguro, este pode verse na necesidade de solicitar aos seus membros un aumento provisional das cotas para o ano sucesivo coas que compensar os gastos excepcionais do exercicio precedente. Cada asegurado ten polo tanto o maior interese de non recorrer ao seguro máis que en caso de extrema necesidade, xa que pola contra agrava inutilmente a situación económica deste co conseguínte prexuízo para os demais compoñentes, posto que as cotas de todos son as únicas entradas regulares que alimentan o fondo común. As dispoñibilidades dun seguro de doenza dunha empresa que non perciba subsidios públicos son limitadas.

Un para todos e todos para un

Non faltan naturalmente aqueles que inconscientemente razoan mal dicindo: “eu pago as miñas cotas, polo tanto teño dereito de aproveitarme, e se non caio enfermo, por que non debo recorrer ao seguro a cada mínima indisposición se con iso podo previrme dunha grave doenza? Máis previsores e humanos son porén os que razoan desta forma: «eu teño a dita de gozar de boa saúde: polo tanto, son feliz de poder contribuír coas miñas cotas a aliviar na medida do posíbel os meus compañeiros de traballo menos afortunados ca min».

Este xeito de pensar e obrar estaría, por outra parte, conforme co dito «un para todos e todos para un» que é a máxima do pobo helvético, sobre a que se funda a solidariedade confederal pola que o máis forte está sempre disposto a socorrer o máis feble: todo en beneficio da comunidade.

Alugueiros, rendas e denuncia dos contratos de alugamento

Cada país góbérnase segundo os propios usos e costumes, reflectidos nas leis e regulamentos relativos ás normas que regulan o alugueiro dunha vivenda ou dun cuarto, a correspondente renda que o inquilino debe satisfacer ao propietario e a denuncia por ambas as dúas partes dos contratos de arrendamento. Tamén neste sector como en moitísimos outros, os estranxeiros e, neste caso, os traballadores españois, son iguais ante a lei coma o son os cidadáns suízos. Igualdade ante a lei significa non xa poderse beneficiar da paridade dos dereitos que ela garante, senón tamén comprometerse a observar as obrigas que impón a todos os cidadáns. Ademais dos textos legais que fixan as normas xerais, o alugueiro, a renda e a denuncia dos contratos de alugamento, están normalmente redactados en contratos especiais estipulados entre o arrendatario e o inquilino, neste caso o operario español.

As obrigas do inquilino

A lei prevé e o correspondente contrato especifica que:

O inquilino comprométese a pagar unha determinada renda polo uso da casa ou cuarto tomado en alugueiro. A renda que se establece no contrato muda naturalmente bastante dunha rexión a outra e dun concello a outro, pero sempre está sometida á oficina cantonal encargada do control dos alugueiros; o inquilino pode ou, mellor dito, debe denunciar a este organismo calquera irregularidade ou abuso.

O inquilino debe ter o máximo coidado no uso da vivenda ou cuarto tomado en alugueiro como, así mesmo, a debida atención con todos os veciños. Se o seu comportamento dese lugar a queixas tanto por parte do arrendatario coma polos demais veciños, o primeiro

pode inmediatamente despedilo e facerse reembolsar os danos eventualmente ocasionados.

O inquilino está obrigado a pagar a renda puntualmente dentro dos termos establecidos no contrato de arrendamento, xeralmente ao vencemento de cada mes. Cando a duración do alugueiro non foi fixada especialmente, tanto un como outro poden denunciar o contrato. Tratándose de vivendas ou cuartos amoblados despois dun mes, despois de aviso de 2 semanas e tratándose de vivendas ou cuartos non amoblados, dentro dos seis meses, con aviso previo de 3 meses.

A falta de aviso, o arrendatario ten o dereito de solicitar o pagamento de todo o alugueiro do mes aínda que o cuarto ou vivenda non fose ocupado. O inquilino está obrigado a deixar a vivenda ou cuarto no mesmo estado que lle foi entregado: eventuais danos teñen que ser pagados (entre estes tamén a falta de limpeza).

En caso de xurdir diferenzas co arrendatario, o inquilino que se crea ferido nos seus dereitos ou intereses poderá dirixirse á mencionada oficina de control de rendas do concello de residencia e, tratándose doutros puntos en litixio, ás autoridades locais de policía ou, tratándose dun estranxeiro, á representación consular do seu país.

Sistema tributario e pagamento de impostos

Na Suíza, tratándose dun Estado federal, son tres as entidades que gozan de soberanía fiscal, a saber: a Confederación, que ten dereito a percibir os impostos federais; os cantóns, que recadan os impostos cantonais e os concellos, que recadan os impostos municipais. Estes últimos fíxanse normalmente sobre a valoración dos impostos cantonais, baseándose nun tanto por cento dos devanditos impostos. Por regra xeral, o sistema fiscal suízo atribúe á Confederación (coa única excepción do imposto para a defensa nacional) só o cobramento dos

impostos indirectos, dos cales en particular: o imposto sobre o timbre e valores, os impostos preventivos, os de negocios e sobre os artigos de luxo, así como os do tabaco e cervexa. Aos cantóns e aos concellos e, en certos cantóns tamén á Igrexa está porén reservado o dereito unicamente á recadación dos impostos directos, de aquí os impostos sobre a renda e o patrimonio, os impostos sobre os beneficios do capital privado, o traspaso de bens inmobiliarios, herdanzas e doazóns.

Impostos sobre o rédito do traballo

Os traballadores españois domiciliados en Suíza están suxeitos ao pagamento dos impostos ao igual que os seus compañeiros suízos. Posto que aos españois lles interesan, ante todo, os impostos sobre o rédito do traballo, informaremos do seguinte:

–A declaración de impostos faise cada dous anos nun modelo único, o cal serve tanto para os impostos federais como para aqueles cantonais e case sempre tamén para os do concello.

O imposto sobre o rédito é progresivo.

A alícuota aplícase sobre o rédito neto, comprendendo o da muller se esta traballase, xa que o home a representa fiscalmente. En termos tributarios, este sistema denomínase «imposto acumulativo», que tenta tutelar a unidade da familia.


–O rédito neto imponible corresponde á media da suma dos dous anos.

Do rédito bruto están admitidas certas deducións que varían en cada cantón, como por exemplo, gastos persoais, de transporte, etc, e por cada persoa a cargo do contribuínte, como os fillos, pais, etc.

–As obrigas de asistencia declaradas para ter dereito á correspondente dedución deben ser xustificadas mediante formularios dos consulados españois que proben a veracidade das declaracións sobre o estado civil do contribuínte.

Notas:

- 1) 7.701.900 na actualidade, 2008, segundo l'Office fédéral de la statistique (OFS).
- 2) Basel en alemán.
- 3) Do cantón de Ticino, en alemán e francés Tessin.
- 4) O cantón dos Grisóns. En alemán Graubünden, en francés Grisons, en italiano Grigioni, en romanche Grischun.
- 5) Appenzell Ausserrhoden en alemán; Appenzell Rhodes-Extérieures en italiano e Appenzello Esterno en italiano.
- 6) Segundo l'Office fédéral de la statistique (OFS) o 21,7% da poboación estábel en Suíza é de orixe estranxeira no 2008. Cómpre ter en conta a poboación residente no Estado francés ou Alemaña que traballa na Suíza debido aos altos custos da vivenda e dos alugueiros. Esta poboación non está dentro das estatísticas como residente na Confederación Helvética.
- 7) Hoxe Schweizer Grenzwache en alemán, Corps suisse des gardes-frontière en francés, Corpo svizzero delle guardie di confine en italiano.
- 8) Ausländerausweis / Livret pour étrangers / Libretto per stranieri.
- 9) Hoxe permisos L, B, C, G para cidadáns non membros da Unión Europea nin do EFTA.
- 10) Die Alters-und Hinterlassenenversicherung / Die Invalidenversicherung.
- 11) Convenio entre España e Suíza sobre seguridade social, do 21 de setembro de 1959.



Interior da factoría Brown Boveri, Suíza, 1966

BIBLIOGRAFÍA E FONTES

Libros

- Barcón Olesa, J., Monografía completa de la región del Colla o sea Rosario del Colla. Colonia Suiza. Nueva Helvecia. Colonia Valdense o Piamontesa. La Paz. Colonia Cosmopolita. Puerto del Sauce. Departamento de Colonia. 1902. El Progreso, Uruguay.
- Farré, Sébastien, *La Suisse et l'Espagne de Franco. De la guerre civile à la mort du dictateur (1936-1975)* 2006. Éditions Antipodes, Genève, Suiza.
- Jiménez Ramírez, Félix, *El español en la Suiza alemana Estudio de las características lingüísticas e identitarias del español de la segunda generación en una situación de contacto de lenguas.* 2001. Frankfurt/M., Berlin, Bern, Bruxelles, New York, Oxford, Wien.
- Largiadér Antón, *Historia de Suiza, 1935.* Editorial Labor, Barcelona.
- Martiz Crespo, Xurxo (coord.), Calvo Salgado, Luís Manuel (aut.), Graf, Elisabeth (aut.), Helfer Herrera Erazo, Marianne (aut.), *Galiza en Suiza, aspectos dunha emigración. Galicien und die Schweiz. Aspekte einer Auswanderung. La Galice en Suisse. Aspects d'une émigration.* 2010. Confederación Intersindical Galega, Departamento de Migración. Santiago de Compostela, Galiza.
- Ruh, Max, *Apuntes históricos sobre la Colonia Suiza en Chile. Mit zahlr. Abb.* 1975. Editorial Santiago de Chile.
- Sánchez López, Francisco, *Movimientos migratorios de Galicia, 1967.* Premio Editorial Compostela, Faro de Vigo.
- Rougemon de Denis, Suiza, corazón de Europa, 1942. Editorial do Instituto Americano de Investigaciones Sociales y Económicas, Buenos Aires, Arxentina.
- Schneiter Federico, *Die schweizerische Einwanderung in Chile / La inmigración suiza en Chile; 1983.* Tradución ao español de María Eulalia Figueras Cordero e Carmen Wernli Morgentaler. Stämpfli, Berna.
- Marques, Jose Carlos Laranjo, *Os portugueses na Suíça. migrantes europeus.* 2008. ICS, Impr. de Ciências Sociais, Lisboa.
- Wirth, Juan Carlos, *Colonia Suiza hace ochenta años (La inmigración al Uruguay en 1861).* Introducción por Siegrist e Fender. Editorial Independencia, Montevideo, 1944.
- VV.AA. *Suiza y la migración. Una mirada desde España.* 2004, MiraSuiza, Imagine Ediciones, Madrid.

Revistas

- Bolzman Claudio, «Familles espagnoles et italiennes en Suisse et transition vers la vie adulte.» Numéro 6, printemps 2007 Familles immigrantes récentes et relations intergénérationnelles. Conseil de développement de la recherche sur la famille du Québec (CDRFQ).
- Farré, Sebastián. «Exilio y emigración: apuntes acerca de las relaciones hispano-suizas: 1939-1964» *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V, H. Contemporánea*, t. 11, 1998, páxs. 213-237.
- Gonvers, Jean-Paul., *Juventud Obrera Cristiana Emigrante (Switzerland) Enquête de la*

Juventud Obrera Cristiana Emigrante (JOC/E); avec la collaboration de Jean-Paul Gonvers ... [et al.]. Mémoires et documents. institut de science politique 13, Université de Lausanne. Institut de science politique) 1980.

—Latorre Marín, Carlos, «Suiza y la inmigración extranjera.» *Separata de Arbor*, revista xeral de investigación e cultura, Madrid, xuño 1975.

—Calvo Salgado, Luís Manuel, «O proceso de inserción das mulleres galegas no servizo doméstico en Suíza (1970-2000)» *Estudos migratorios: revista galega de análise das migracións*, ISSN 1889-9609, Vol. 2, Nº. 1, 2009 (Monográfico:: Galegos en Europa: ida e volta), páxs. 31-53.

—Helfer Herrea Erazo, Marianne, «Miña casa, meu abrigo. O significado da casa na emigración de retorno galega.» *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, nº 1, 2006.

—Helfer Herrea Erazo, Marianne, «Os herdeiros de Diego Sarmiento. A emigración de retorno galega no marco da política migratoria de Suíza.» *Estudos migratorios: revista galega de análise das migracións*, Vol. 2, Nº. 1, 2009 (Monográfico: Galegos en Europa: ida e volta) , páxs. 135-150.

—Helfer Herrea Erazo, Marianne, «El retorno a su país de origen de trabajadores migrantes gallegos en Suiza una perspectiva etno-biográfica.» *Migración y exilio españoles en el siglo XX*. Luís M. Calvo Salgado (aut.), Itziar López Guil (aut.), Vera Ziswiler (aut.), Cristina Albizu Yeregui (aut.), 2009, páxs. 215-228.

—Richter, Marina (2004): «Contextualizing Gender and Migration: Galician Immigration to Switzerland». *International Migration Review* 38, 1, páxs. 263-286.

—Valérie Bory-Lugon, postface de Valentin Oehen. Mémoires et documents. institut de science politique 7, Université de Lausanne. 1977.

Fontes

—Breviario de la mano de obra española en Suíza, Brown Boveri, E. Trechsel Impresor: Buchdruckerei Wanner AG Baden, 1961.

—Organización de Cooperación y de Desarrollo Económico, Informe económico de la OCDE sobre España 1960, 1961, 1962 e 1963. Oficina de Coordinación y Programación Económica, Madrid.

—Helfer Herrea Erazo, Marianne, «Os retornados. Eine biografische Perspektive auf die Rückwanderung von Arbeitsmigrantinnen und-migranten aus der Schweiz nach Galicien», (Tese de licenciatura), 2007.



Confederación Intersindical Galega

MIGRACIÓN

